



## RÉXIME DE VACACIÓNS E HORARIOS DE VERÁN 2016

Na norma segunda e na disposición adicional primeira da **Resolución da xerencia do 27 de decembro de 2012**, pola que se reordena o réxime de **xornada, horarios de traballo, vacacións e permisos do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña**, faise referencia ás normas que rexen os períodos de vacacións, do xeito que se transcriben:

### *SEGUNDA.-VACACIÓNS.*

*Todo o persoal terá dereito a gozar durante cada ano natural dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. A estes efectos non se considerarán días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.*

As vacacións anuais disfrutaranse, con carácter xeral, entre os meses de xuño e agosto e de **xeito preferente durante o mes de agosto.**

*Os centros permanecerán pechados pola tarde durante o mes de agosto, polo que o persoal destinado neles que preste servizos ordinarios en quenda de tarde realizará a súa xornada en horario de mañá. No caso do persoal que por motivos de traballos de investigación experimental que requiran atención continuada precise acceder ao seu centro, deberá comunicalo á xerencia coa necesaria antelación.*

*O dereito a elixir quenda de vacacións será rotatorio, salvo acordo entre os traballadores afectados, sempre que se respecten as necesidades do servizo. As traballadoras xestantes terán preferencia na elección da quenda de vacacións.*

*Os traballadores terán dereito a acumular as vacacións aos permisos por maternidade, paternidade ou lactancia.*

*Poderá autorizarse o aproveitamento das vacacións anuais dentro do ano e ata o 15 de xaneiro do ano seguinte. Os días de vacacións poderán disfrutarse de forma individualizada.*

*A autorización das vacacións realizarase en todo caso con dous meses de antelación ao seu disfrute. Esta autorización será acordada polos titulares dos órganos e centros sinalados na norma Primeira, 5, da Resolución da xerencia do 27 de decembro de 2012, tendo sempre en conta o período en que cada centro ou servizo teña máis carga de traballo ou demanda de atención ao público e, en especial, considerando o calendario académico.*

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- O permiso por asuntos particulares... poderá acumularse ás vacacións retribuídas anuais.*

Como todos os anos, recórdase que no caso de traballadores interinos que desexen gozar dos días de vacacións, ou asuntos particulares que lle correspondan, poderán facelo, sempre e cando conten co informe favorable do responsable do seu Centro/Servizo, debendo achegar coa súa solicitude de vacacións unha autorización, para que no caso



de finalizar a súa relación coa UDC antes do 31 de decembro de 2016 se descuenten das súas retribucións a contía correspondente aos días de vacacións ou asuntos propios gozados indebidamente.

Por outra parte, na Resolución da xerencia do 30 de outubro de 2015, sobre aplicación do permiso por asuntos particulares e vacacións por antigüidade establecido no Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, determínase que o persoal de administración e servizos da UDC terá dereito ao goce dos días adicionais de vacacións ao completar os anos de antigüidade que a seguir se indican:

- quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles;
- vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles;
- vinte e cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles;
- trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles

Os centros que permanecerán abertos pola tarde durante o mes de agosto son:

Campus da Coruña
Edificio Xoana Capdevielle Centro Universitario de Riazor Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Así mesmo lémbrese o resumo de horarios de verán:

**HORARIO DE TRABALLO (de luns a venres)**

HORARIO XERAL	HORARIO DE VERÁN do 15 de xuño ao 31 de agosto
Mañá: de 07:45 a 15:15 horas Tarde: de 14:30 a 22:00 horas Xornada partida: de 08:30 a 14:00/15:30 a 17:30 Semana laboral de 37,5 horas	Mañá: de 08:45 a 14:45 Tarde: de 14:45 a 20:45 Horario de atención ao público: de 09:00 a 14:30

**HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN ADMINISTRACIÓN XERAL**  
de 08:30 a 14:30

A Coruña, 13 maio de 2016

O xerente



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Asdo: Juan Manuel Díaz Villoslada

SR. SECRETARIO XERAL  
 SRES./AS VICERREITORES/AS  
 SRES./AS DECANOS/AS, DIRECTORES/AS DE CENTROS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS  
 SRES./AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS E XEFES/AS DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS